

# «NON ENTENDO A VIDA SEN SOÑOS, SEN ANDAR NA PROCURA DE ALGO»

Aprende a contar historias sendo unha nena, nunha taberna «desas que eran un *Carrefour bonsai* porque vendían desde fariña ata puntas para os zocos ou galletas». Concha Blanco (Lires-Cee, 1950) está vencellada a Costa da Morte, a unha ría, a de Lires, que é «a mais pequena de Galicia, que coa marea baixa desaparece; é unha ría con maxia», ten escrito. A gañadora da última edición de novela por entregas de La Voz de Galicia é autora de preto de 30 obras de ficción ademais de «libros de texto, guías didácticas e algunha tradución». Nas súas obras xogan un papel importante os seus alumnos, para os que empezou escribindo contos aínda que daquela sen pensar en publicalos.

—¿Cómo empezou a contar historias?

—A contar historias de forma oral, que agora non o fago, empecei cos meus curmáns. Gustábame contar historias e penso que era o que me quedaba de cando era pequena e na miña casa había unha taberna; como en Lires non había moito onde ir aquela era como unha pequena casa de cultura, un centro de reunión. Encantábanme todas as historias que contaban sobre todo as de medo, e aínda hoxe me gustan, esas e as de misterio.

—¿E o de escribir?

—Houbo unha razón contundente. Eu estaba na miña escola de Dumbria, que por sorte era, e sigue sendo, un concello onde se pensa e se fala todo en galego. Os meus alumnos, estou falando de hai máis de 30 anos, non se expresaban en castelán porque tiñan vergoña, aínda que a min non me interesaba que se expresaran en castelán, o que quería era que valoraran a súa lingua e por iso empecei a facerlles ver que na lingua escrita tamén se podían transmitir moitas cousas interesantes. Así foi como empecei a escribir historias para eles, onde cada un deles era o protagonista de cada historia. Daquela non existía o ensino da lingua galega, nin moito menos, pero eu facía unha actividade cada semana cun relato. Así naceu o meu primeiro libro. Cando o veu o meu compañeiro gustoulle e comentou que era unha mágoa non poder aproveitar este tipo de cousas para o ensino.



CESAR QUIAN

Concha Blanco publicará un novo libro no mes de novembro

—¿Publicouno?

—Falei con Edicións do Castro e dixéronme que non facían textos para o ensino, pero que o mandara. E aos 15 días dixéronme que si, porque en realidade eran contos; así naceu *Cousiñas para escola*, logo veu *Contas para escola*, na mesma editorial. E detrás deses xa descubrín que era un vicio que tiña, que o pasaba moi ben.

—Berta, Estela, Bianca, Boris, Nos títulos dos seus libros hai moitos nomes que parecen dos seus alumnos.

—Foi unha das últimas épocas que me deu por aí. Agora volví a rachar con iso. Son nomes que non din nada e poden dicir moito. Con *Nano*, que sairá en novembro, remato a serie de nomes propios. Algúns son nomes de alumnos meus, outros non teñen nada que ver e algunha incluso poder ser eu mesma.

—O teimudo contido autobiográfico da literatura, ¿non?

—E que é moi difícil escapar das túas vivencias.

—Ese novo libro, ¿é para nenos ou para adultos?

—É unha obra para adultos

—¿Novela?

—Si, titúlase *Nano* e sairá na editorial Everest. Xa vin a portada e gústame moito.

—E tamén está a novela por entregas de La Voz de Galicia.

—Esa non está publicada, bueno no xornal si, pero non en formato libro; falei cunha editorial e aceptoume, pero sairá o ano que vén.

—¿Como ve a lingua galega?

—Non esta aínda moi ben. Coñecemento no tocante a comprensión está perfecto, hai unha porcentaxe moi altísima... Bueno, teño un neno chinés que tamén comprende o galego perfectamente. Pero o galego aínda non

está como debía, o proceso é lento, moi lento.

—Dixo algunha vez que o que máis lle gusta é soñar, ¿e facer soñar, supoño?

—Non entendo a vida se non tes soños, se non tes ilusións, se non andas sempre na procura de algo, nunca tes todo conseguido. Soñas con cousas para ti, para a familia, para o mundo, para todo... É a maneira de darlle sentido a vida.

—¿Soñou que ía ter unha filla escritora (María Canosa)?

—Non o soñei, como tampouco soñei que o ía a ser eu. Alégrame moito, penso que tivo bastante que ver o feito de que na casa vise como se creaba a historia; ela mesmo o reconece que para ela foi un proceso natural como quen fai o pan, pois veu escribir historias e ler e iso é a miña recompensa.

—Falando de ler, defende a importancia da lectura de oído. ¿Cómo é iso?

—¡Moitísimo! E moi importante ler aos nenos no berce, cando non saben ler pero saben escoitar. É importantísimo o papel dos pais e dos que viven na casa cos nenos para oírles contar historias, sobre todo lelas, porque é a maneira de que eles podan constatar que aquilo que escoitan está alí, naquelas follas de papel. E cando medren van ir eles os libros, a buscar as historias que lles gusten, e irán de xeito natural.

—Vostede xa foi homenaxeada un Día das Letras Galegas, aínda que non figura no canon oficial.

—Foi na asociación Monte Blanco do Couto, en Ponteceso, e foi unha satisfacción moi grande porque eu nin sequera estiven alí de mestra. Paréceme que é moi interesante que se fagan estas cousas no Día das Letras Galegas. Non quita que se mantexa a memoria histórica da data, que serve para recuperar personaxes esquecidos ou as súas obras. Pero á marxe, como actividades complementarias, pode haber este tipo de homenaxes, sobre todo para a xente nova que o palpa, que o ve como algo máis próximo. A min, cando era pequena e me falaban dun escritor sempre, sempre me imaxinaba que estaba morto. E a do Couto é unha asociación da que non hai nada que dicir porque xa se coñece e porque a nivel de Galicia é a mellor.